

EXPOSICIÓNS

A Casa do Cabido acolle a exposición 'Compostela 0.0' con imaxes de Santiago realizadas por Mónica Montero durante o confinamento de 2020

A Casa do Cabido acolle desde esta semana a exposición 'Compostela 0.0' no que se amosan fotografías tiradas en Santiago durante o confinamento de marzo e abril de 2020 pola fotógrafa afeccionada Mónica Montero.

"Durante o tempo de illamento a causa da pandemia da Covid-19 fotografei desde unha perspectiva nova a nosa cidade, desoladora e ao mesmo tempo espléndida. Onde a axitación e o alboroto das rúas deron paso á soidade e a calma", comenta a fotógrafa autora da exposición. "É nestas condicións onde a cidade, a súa fisionomía, antigüidade, arquitectura e incluso xentes aportaron ese enfoque novo que buscaba con anterioridade a esta pandemia", engade Mónica Montero.

<http://www.consorciodesantiago.org/gl/novas/casa-do-cabido-accolle-exposicion-compostela-00-con-imagens-de-santiago-realizadas-por-monica>



PUBLICACIÓNS

Un catálogo editado polo Consorcio recolle as biografías de arredor de 500 personalidades relacionadas coa Catedral no século XVI

O Consorcio presentou un catálogo biográfico da catedral compostelá pertencente á Biblioteca Científica Compostelana e coeditado coa Universidade de Santiago de Compostela no que se reúnen as vidas dunhas 500 dignidades, cóengos e racioneiros da catedral de Santiago do século XVI recollidas por Arturo Iglesias Ortega.

Este libro, editado en dous tomos concentra un inxente traballo desenvolto ao longo de máis de vinte anos e que recolle unha variada e riquísima información biográfica sistematizada en diversos campos tales como a procedencia xeográfica, social e familiar, a súa idade, a formación académica, carreira civil e eclesiástica ou aspectos da súa vida.



<http://www.consorciodesantiago.org/gl/novas/un-catalogo-editado-polo-consorcio-recolle-biografias-de-arredor-de-500-personalidades>

"El peregrino y otras historias en Compostela", un libro de relatos de Emilia Pardo Bazán inspirados en Santiago



O Consorcio presentou un libro de relatos de Emilia Pardo Bazán seleccionados polo catedrático en Literatura Española e profesor emérito na Universidade de Santiago de Compostela José Manuel González Herrán pertencente á Biblioteca Literaria Compostelana e coeditado coa editorial Alvarellos no que se reúnen trece historias da grande escritora que teñen como escenario ou inspiración a cidade de Santiago. Ademais, tamén se inclúen relatos inéditos ata o momento así como ilustracións ou manuscritos moi pouco coñecidos.

Co título "El peregrino y otras historias en Compostela", J. M. González Herrán recolle dez contos, dúas novelas curtas e o comezo dunha novela inconclusa da escritora coruñesa na cidade compostelá, que foi, xunto con A Coruña, Madrid e París, o espazo preferente tanto literario como vital da autora.

<http://www.consorciodesantiago.org/gl/novas/o-consorcio-de-santiago-presenta-el-peregrino-y-otras-historias-en-compostela-un-libro-de>

MÚSICA

Luz Casal e a Real Filharmonía encheron o Teatro Real de Madrid

Unha xornada para o recordo foi a que se viviu o pasado luns 20 de xuño no Teatro Real de Madrid cun cheo absoluto no que a cantante de Boimorto presentou o seu disco 'Solo esta noche' ante o público madrileño.



A RFG ofrece tres concertos este mes de xullo

A Real Filharmonía de Galicia actuará este mes de xullo en tres ocasións. A primeira será o vindeiro día 14 no festival Peregrinos Musicais no Auditorio de Galicia con Maximino Zumalave como director. O venres 22 será no Pazo de Goiáns de Boiro onde se dea un concerto con Diego García Rodríguez dirixindo, que será tamén quen o faga o xoves 28 na Praza da Quintana con motivo das Festas do Apóstolo.